Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Concesión dunha axuda económica á Asociación de Veciños "Areosa"**

Con rexistro de día 21 de setembro, don Fernando Marcelino , como presidente da Asociación de Veciños "Areosa", solicita unha axuda económica para sufragar os gastos das diferentes actividades incluidas na programación de 2016, nos eidos da cultura, promoción económica e interese veciñal.

A Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, establece no seu art. 19.4 c) que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outros debidamente xustificados que dificulten a súa convocatoria pública.

Asi mesmo, o art. 15.2 c) da mesma lei establece que non será necesaria a publicación das subvencións concedidas, cando os importes, individualmente considerados, sexan de contía inferior a 3.000 euros.

Esta asociación conta cunha ampla traxectoria promovendo actividades de interese social e veciñal,

Polo tanto, Resolvo:

1 Conceder á Asociación de Veciños "Areosa", inscrita co nº 012 no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, unha axuda económica de 559 euros para cubrir os gastos descritos na súa solicitude.

2 Comunicar que no momento en que presente a xustificación dos gastos subvencionables, seralle feito o pagamento correspondente.

3 Comunicar a Tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 924.480 do orzamento do ano 2016

Boqueixón, 3 de novembro de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña)

Avelino Rodeiro Tato

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Concesión dunha axuda económica á Escola de Fútbol de Boqueixón**

O día 22 de setembro, don Manuel ), como presidente da E.F Boqueixón, solicita unha axuda económica para sufragar os gastos de organización de diversos torneos e da participación noutros fóra do termo municipal( achega copias dos gastos efectuadas)

A Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, establece no seu art. 19.4 c) que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outros debidamente xustificados que dificulten a súa convocatoria pública.

Asi mesmo, o art. 15.2 c) da mesma lei establece que non será necesaria a publicación das subvencións concedidas, cando os importes, individualmente considerados, sexan de contía inferior a 3.000 euros.

Dita escola de fútbol realiza unha importante labor de promoción do deporte base, mediante a práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, e o fomento de hábitos de vida saudables entre un colectivo de case setenta nenos e mozos do noso concello, o cal comporta un amplo interese social.

Polo tanto, Resolvo:

1 Conceder á Escola de Fútbol de Boqueixón, inscrita co nº 059 no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, unha axuda económica de **1.300 euros** para sufragar os gastos descritos na súa solicitude.

2 Comunicar que no momento en que presente a xustificación dos gastos subvencionables, seralle feito o pagamento correspondente.

3 Comunicar a Tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 924.480 do orzamento do ano 2016

Boqueixón, 3 de novembro de 2016

O Alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Concesión dunha axuda económica á Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio**

Con rexistro de día 21 de xullo, don Xosé Manuel , como presidente da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio, solicita unha axuda económica para sufragar os múltiples gastos que conlevan as diferentes actividades que organizan durante o ano (mantemento dos tres grupos infantís e un de adultos de música e baile tradicional, andainas, promoción do Pico Sacro, Letras Galegas, club de lectura, contacontos, teatro, poesía...),

A Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, establece no seu art. 19.4 c) que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outros debidamente xustificados que dificulten a súa convocatoria pública.

Asi mesmo, o art. 15.2 c) da mesma lei establece que non será necesaria a publicación das subvencións concedidas, cando os importes, individualmente considerados, sexan de contía inferior a 3.000 euros.

Esta asociación conta cunha ampla traxectoria promovendo actividades de interese público relacionadas co mundo da cultura, as artes e a promoción turística, o cal comporta un claro interese económico,

Polo tanto, Resolvo:

1 Conceder á Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio, inscrita co nº 055 no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, unha axuda económica de **600 euros** para cubrir os gastos descritos na súa solicitude.

2 Comunicar que no momento en que presente a xustificación dos gastos subvencionables, seralle feito o pagamento correspondente.

3 Comunicar a Tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 924.480 do orzamento do ano 2016

O alcalde

Boqueixón, 3 de novembro de 2016

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (Coruña) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

213

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

# RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

## Concesión dunha axuda económica á Asociación MMRR de Lestedo

Con rexistro de día 4 de outubro, dona Mª del Carmen como presidenta da Asociación de MMRR de Lestedo, solicita unha axuda económica para sufragar os gastos do autobús empregado para o desprazamento á localidade de Ribadavia (Ourense) con motivo dunha visita cultural dentro do programa de ocio e tempo libre, dirixido a mulleres do rural.

A Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, establece no seu art. 19.4 c) que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outros debidamente xustificados que dificulten a súa convocatoria pública.

Asi mesmo, o art. 15.2 c) da mesma lei establece que non será necesaria a publicación das subvencións concedidas, cando os importes, individualmente considerados, sexan de contía inferior a 3.000 euros.

Entre os obxectivos desta asociación figura o interese pola promoción da muller rural en todolos eidos, promovendo o ocio e o tempo libre como espazo de desenvolvemento persoal e social, o cal comporta un amplo interese social e económico, dada tamén a escasa cuantía solicitada.

Polo tanto, Resolvo:

1 Conceder á Asociación de MMRR de Lestedo, inscrita co nº 023 no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, unha axuda económica de **341 euros** para cubrir os gastos descritos na súa solicitude.

2 Comunicar que no momento en que presente a xustificación dos gastos subvencionables, seralle feito o pagamento correspondente.

3 Comunicar a Tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 924.480 do orzamento do ano 2016

Boqueixón, 3 de novembro de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña)

Ovidio Rodríguez Pato

214

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### Concesión dunha axuda económica ao Motoclub Boqueixón

Con rexistro de día 23 de agosto, don José Mª como secretario do Motoclub Boqueixón, solicita unha axuda económica para sufragar os gastos da XV Concentración de Motos Clásicas de Boqueixón.

A Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, establece no seu art. 19.4 c) que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outros debidamente xustificados que dificulten a súa convocatoria pública.

Asi mesmo, o art. 15.2 c) da mesma lei establece que non será necesaria a publicación das subvencións concedidas, cando os importes, individualmente considerados, sexan de contía inferior a 3.000 euros.

Coa organización deste evento, este club está a promocionar de xeito visible o turismo e a actividade económica do noso municipio, o cal comporta un claro interese económico.

Polo tanto, Resolvo:

1 Conceder ao Motoclub Boqueixón, inscrita co nº 022 no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, unha axuda económica de **200 euros** para cubrir os gastos descritos na súa solicitude.

2 Comunicar que no momento en que presente a xustificación dos gastos subvencionables, seralle feito o pagamento correspondente.

3 Comunicar a Tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 924.480 do orzamento do ano 2016

Boqueixón, 3 de novembro de 2016

O Alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña)
ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com



**Resolución de alcaldía**

**Xustificación das accións de actuacións de vehículos motobomba REGULADAS A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE BOQUEIXÓN PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2016, 2017 E 2018, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020**

O día 23 de xuño de 2016, esta entidade e a Consellería do Medio Rural, asinaron un convenio de colaboración para participar na prevención de incendios forestais mediante mediante a actuación dun vehículo motobomba, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

No convenio asinado establece que a intensidade da axuda para a participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de 1,00 vehículo motobomba durante 3,50 meses:

a. Matricula da motobomba: 2658-JFZ.
b. B.Axuda máxima: 4.785 euros mes e motobomba.
c. Total anual axuda máxima: 16.747,50 euros
d. Anticipo anual (90%): 15.072,75 euros
e. Restante (10%): 1.674,75 euros

Polo tanto, o importe que a Xunta de Galicia vai achegar é de 16.747,50 euros e o prazo para a súa xustificación, tal e como establece a cláusula décimo quinta do citado convenio, remata o vindeiro 15 de outubro. Cando por causas xustificadas a operatividade poderá finalizar despois do 1 de outubro de cada ano, suposto no que o prazo de xustificación será de 15 días dende o remate da mesma. En todo caso, o prazo de xustificación anual deberá respectar o principio de anualidade.

Dita actividade realizouse dende o 20 de xullo ata o 3 de novembro de 2016. O prazo de xustificación será de 15 días dende o remate das accións.

É preciso enviar a relación clasificada dos gastos de persoal co custo correspondente e a relación clasificada doutros gastos derivados do funcionamento e mantemento do vehículo motobomba, o cumprimento do convenio e importe da execución do gasto,

Polo tanto, RESOLVO:

a) Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
b) Aprobar e presentar a seguinte conta xustificativa da subvención concedida para participar na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba, na que consta:

1.- Que se dou cumprimento á finalidade do convenio e que a aplicación dos fondos para a execución total do gasto foi destinado a tal fin. Sendo a execución total do gasto realizado por esta entidade de 17.431,76 € (importe sen IVE). Sendo a contía da subvención da Xunta de Galicia de 16.747,50 euros.

2.- Aprobar a relación clasificada dos gastos de persoal, identificando o traballador e a relación de salario bruto e custo da seguridade social:

**XUSTIFICACIÓN IMPORTE DO ANTICIPO (90%)**

NOME DO TRABALLADOR 1: AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO DNI:
DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO[1]: 20/07/2016
DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO[2]: 03/11/2016

| Mes [3] | Total devengado [A] | SS a cargo do Concello [B] | % da xornada adicado [C] | Custo total (A+B)·C |
|---|---|---|---|---|
| xullo | 541,59 € | 204,72 € | 100% | 746,32 € |
| agosto | 1.181,95 € | 511,52 € | 100% | 1.693,48 € |
| setembro | 1.580,96 € | 608,47 € | 100% | 2.189,43 € |
| outubro | 1.383,54 € | 522,98 € | 100% | 1.906, 52 € |
| novembro | 260,26 € | 52,30 € | 100% | 312,56 € |
| TOTAL | 4.948,31 € | 1.900 € | 100% | 6.848,31 € |

NOME DO TRABALLADOR 2: Rubén Uzal Millán DNI:
DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO[1]: 20/07/2016
DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO[2]: 03/11/2016

| Mes [3] | Total devengado [A] | SS a cargo do Concello [B] | % da xornada adicado [C] | Custo total (A+B)·C |
|---|---|---|---|---|
| xullo | 541,59 € | 204,72 € | 100% | 746,32 € |
| agosto | 1.383,54 € | 522,98 € | 100% | 1.906,52 € |
| setembro | 1.383,54 € | 522,98 € | 100% | 1.906,52 € |
| outubro | 1.383,54 € | 522,98 € | 100% | 1.906,52 € |
| novembro | 260,26 € | 52,30 € | 100% | 312,56 € |
| TOTAL | 4.952,48 € | 202,89 € | 100% | 6.778,45 |

**XUSTIFICACIÓN IMPORTE RESTANTE (10%)**

NOME DO TRABALLADOR 1: AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO DNI:
DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO[1]: 20/07/2016
DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO[2]: 03/11/2016

| Mes [3] | Total devengado [A] | SS a cargo do Concello [B] | % da xornada adicado [C] | Custo total (A+B)·C |
|---|---|---|---|---|
| xullo | 60,18 € | 22,75€ | 100% | 82,92 € |
| agosto | 131,33 € | 56,84 € | 100% | 188,16 € |
| setembro | 175,66 € | 67,61 € | 100% | 243,27 € |
| outubro | 153,73 € | 58,11 € | 100% | 211,84 € |
| novembro | 28,92 € | 5,81 € | 100% | 34,73 € |
| TOTAL | 549,81 € | 211,11 € | 100% | 760,92 € |

NOME DO TRABALLADOR 2: Rubén Uzal Millán DNI:
DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO[1]: 20/07/2016
DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO[2]: 03/11/2016

| Mes [3] | Total devengado A | SS a cargo do Concello B | % da xornada adicado C | Custo total (A+B)·C |
|---|---|---|---|---|
| xullo | 60,18 € | 22,75€ | 100% | 82,92 € |
| agosto | 153,73 € | 58,11 € | 100% | 211,84 € |
| setembro | 153,73 € | 58,11 € | 100% | 211,84 € |
| outubro | 153,73 € | 58,11 € | 100% | 211,84 € |
| novembro | 28,92 € | 5,81 € | 100% | 34,73 € |
| TOTAL | 550,28 € | 202,89 € | 100% | 753,16 € |

**XUSTIFICACIÓN IMPORTE TOTAL (100%)**

| | Total devengado A | SS a cargo do Concello B | % da xornada adicado C | Custo total (A+B)·C |
|---|---|---|---|---|
| ANTICIPO (90%) | 9.900,79 € | 3.725,97 € | 100% | 13.626,76 € |
| RESTANTE (10%) | 1.100,09 € | 414 € | 100% | 1.514,09 € |
| SUMA TOTAIS | 11.000,88 € | 4.139,97 € | 100% | 15.140,85 € |

[1] Esta data non poderá ser anterior ao comezo da operatividade.
[2] Esta data non poderá ser posterior ao remate da operatividade.
[3] Engadir os meses e/ou traballadores que sexa necesario.

3.- A relación clasificada doutros gastos en materia de prevención de incendios forestais, identificando o acredor, núm.factura, data de emisión de factura, data pagamento, importes en euros con IVE e sen IVE:

**XUSTIFICACIÓN IMPORTE DO ANTICIPO (90%)**

| Descrición do gasto (*) | Acredor | NIF Acredor | N.º Factura | Data Emisión Factura | Data de pagamento | Importe Factura (SEN IVE) | Importe Total Factura (**) (CON IVE) | Anticipio 90% Sen IVE | Anticipio 90% Con IVE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| GASOLEO A Gasto de combustible da motobomba | Ulla Oil, SL | B15417561 | 262236 | 08/08/16 | 06/10/16 | 2.290,91 € | 2.772€ | 2.061,82 € | 2.494,80 € |

(*) Incluirase unha explicación clara e comprensiva do gasto imputable ao convenio.
(**) Lémbrase que o IVE soamente será subvencionable na medida en que non sexa susceptible de recuperación ou compensación.

**XUSTIFICACIÓN IMPORTE RESTANTE (10%)**

| Descrición do gasto (*) | Acredor | NIF Acredor | N.º Factura | Data Emisión Factura | Data de pagamento | Importe Factura (SEN IVE) | Importe Total Factura (**) (CON IVE) | Anticipio 10% Sen IVE | Anticipio 10% Con IVE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| GASOLEO A Gasto de combustible da motobomba | Ulla Oil, SL | B15417561 | 262236 | 08/08/16 | 06/10/16 | 2.290,91 € | 2.772€ | 229,09€ | 277,20€ |

**XUSTIFICACIÓN IMPORTE TOTAL (100%)**

| | Importe TOTAL (SEN IVE) | Importe TOTAL (CON IVE) |
|---|---|---|
| Anticipo | 2.061,82 € | 2.494,80 € |
| Restante | 229,09 | 277,20€ |
| **TOTAL** | 2.290,91 € | 2.772€ |

c) Que o concello de Boqueixón non ten solicitado nin concedida outra axuda para os mesmos fins que os que subvencionan con cargo ao Convenio de Colaboración asinado, o 6 de xuño do corrente ano, pola Consellería do Medio Rural, para participar na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba.

d) A entidade local se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. A entidade local non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

e) Dar traslado desta resolución á Consellería do Medio Rural.

Boqueixón, 7 de novembro de 2016.

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

Don Ovidio Rodeiro Tato
O alcalde de Boqueixón

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – **Boqueixón**
Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
C.I.F.: **P-1501200-H**
C. electr: **correo@boqueixon.es**
**www.boqueixon.es**

# DECRETO

Antecedentes:

Con data do 22 de setembro de 2016, na Xunta de Goberno Local deste Concello, aprobouse o proxecto básico e de execución denominado "conservación das fachadas e do interior da Capela de San Sebastián de A Granxa", por importe total de 21373,65 €; así como dar traslado do dito Acordo, o Organismo competente ós efectos oportunos.

Con data do 27 de setembro de 2016, pola Alcaldía deste concello, remítese o Acordo adoptado, e solicítase unha subvención para a execución das obras, á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Con data do 30 de setembro de 2016, con rexistro de saída núm. 16/926, de data do 3 de outubro de 2016, remítense dous exemplares do proxecto técnico aprobado, a Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

Con data do 30 de setembro de 2016, pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, emítese o informe favorable ás obras propostas no proxecto aprobado.

Con data do 7 de outubro de 2016, pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, emítese un certificado de monumentalidade da Capela San Sebastián da Granxa.

Con data do 7 de outubro de 2016, pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, emítese o informe de supervisión do proxecto aprobado.

Con data do 7 de outubro de 2016, pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, remítese a este concello o expediente completo para a tramitación urbanística municipal, e que ten entrada con data do 19 de outubro de 2016, con rexistro núm. 16/2303.

Con data do 27 de outubro de 2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese o INFORME TÉCNICO FAVORABLE, para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.

Tendo en conta, que a CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, desexa executar as obras incluídas no correspondente proxecto técnico, na maior brevidade posible, procede avocar o coñecemento deste asunto.

Por todo o cal, **RESOLVO:**

1. Avocar o coñecemento deste asunto.

2. Conceder, á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, a LICENZA MUNICIPAL, para executar as obras de conservación de fachadas e do interior da Capela de San Sebastián da Granxa.

Boqueixón, 8 de novembro de 2016
O Alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### Aprobación de facturas

A vista do listado de facturas presentado e tendo que cumprir o período medio de pagamento coa finalidade de dar cumprimento á lei de morosidade, Resolvo:

Aprobar as facturas reflectidas nos seguintes listados debidamente numerados:
**Núm. 1**

| Núm. | Proveedor | Partida | Importe |
|---|---|---|---|
| 1 | Casa Castro de Lamas, SC – Produtos de alimentación e varios para actividades Verán Activo | 334.226.09 | 27,45 |
| 2 | Autoeléctrico Sergude, SC – Reposición lámpada e tulipa do camión do lixo | 162.1.213.00 | 32,62 |
| 3 | Baygar, SL – Sinal de prohibición velocidade para vias municipais | 153.2.221.99 | 55,66 |
| 4 | Eptisa, SL – Analises control de calidade externo obra Agader | 41.414.600 | 1.028,50 |
| 5 | Eptisa, SL – Analises control de calidade externo obra Agader | 41.414.600 | 960,38 |
| 6 | Manuel Botana Granja – Subministros para servizos municipais varios | 171.210.00<br>920.212.00 | 76,50 |
| 7 | Electro Lestedo SL – Trofeos para IV memorial José García | 912.226.01 | 84,00 |
| 8 | Fornecementos Galegos, SL – Mantemento fotocopiadoras mes de outubro | 920.213.00 | 420,63 |
| 9 | Comercial Sánchez – Arranxos varios en maquinaria de parques e xardíns ( desbrozadoras e soplador) | 171.213.00 | 1.323,97 |
| 10 | Hnos. Couto Fandiño, SL – Limpeza e recollida de augas pluviais no camiño centro de Maravexás | 153.2.212.00 | 1.663,75 |
| 11 | Comercial Marbre – Pinturas para vias municipias ( pasos de peóns e reflectante) | 153.2.212.00 | 278,97 |
| 12 | 2000 Joscon Construcciones, SL – Limpeza xeral e engrase dos contedores soterrados de Lestedo | 162.1.213.00 | 508,20 |
| 13 | Montouto Reparaciones, SL – Arranxo do camión do lixo | 162.1.213.00 | 1.194,95 |
| 14 | Atendo Calidade, SL – Servizo dependencia mes de setembro | 231.227.99 | 27.779,35 |
| 15 | Atendo Calidade, SL – Servizo libre concurrencia mes de setembro | 231.227.99 | 1.408,66 |
| 16 | Liquidación de gastos de Ana Anta Fernández – desprazamentos dos meses de xullo a setembro | 231.231.00 | 38,95 |
| 17 | David Fernández Neira – Servizo de actividades deportivas mes de setembro | 341.226.09 | 1.064,80 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 18 | Probisa - Aglomerado para reparación de fochancas en pistas municipais | 153.2.212.00 | 20,90 |
| 19 | Gasóleos S.Benito, SL - Gasolinas e outros para maquinaria de xardíns e parques | 171.221.03 | 303,75 |
| 20 | Deputación da Coruña - Anuncio publicación padrón do lixo 2016 | 920.225.02 | 48,60 |
| 21 | Compostela Digital, SL - Renovación anual do antivirus para o sistema informático do concello | 920.220.02 | 105,27 |
| 22 | Vagalume Xestión Integral de Servicios, SL - Actividade Verán Activo meses de xullo e agosto | 334.226.09 | 5.170,55 |
| 23 | CHC Energía - Custo enerxía eléctrica do local social de Codeso do 30/06 ó 29/08/16 | 165.221.00 | 183,90 |
| 24 | Montaxes Eléctricos Fernández, SL - Poste e farol repostos na Espiñeira - Lamas con cargo a ingreso do seguro do vehículo causante | 153.2.212.00 | 1.774,60 |
| 25 | Liquidación de gastos de Carlos Uzal Díaz pola comida de 3 voluntarios e Protección Civil que participaron na búsqueda dun veciño de Marrozos | 920.230.20 | 46,60 |
| 26 | Talleres Sánchez Rey, SC - Arranxo varredora | 163.213.00 | 186,35 |
| 27 | Ferrecal, SA - Subministro de materiais para servizo de abastecemento de auga | 161.221.99 | 39,40 |
| 28 | Liquidación de gastos de Yolanda Neira Cristobo por desprazamentos usuarias CIM e materiais actividades ociotecas | 23.231.00<br>334.226.09 | 16,73 |
| 29 | Talleres Sánchez Rey,SC - Reparación do tractor e da desbrozadora + mantemento da pa retroescavadora e do dumper de obras | 414.213.00<br>153.2.213.00 | 483,38 |
| 30 | Talleres Sánchez Rey,SC - Subministro de cuchilas e grilletes para desbrozadoras | 414.2219.99 | 786,50 |
| 31 | Talleres Sánchez Rey, SC - Reparación desbrozadora Orsi- tractor | 414.213.00 | 520,24 |
| 32 | Supervisión y control, SA - Revisión ITV do camión do lixo | 162.1.213.00 | 58,60 |
| 33 | Liquidación de gastos de Eugenio Fernández Vieites - viaxe a Ourense para levar camión do lixo a taller comercial Vitar | 920.230.20 | 25,90 |
| 34 | Construcciones Boqueixón, SL - Traballos en reparación avaría abastecemento de auga | 161.212.00 | 919,96 |
| 35 | Droga Conde, SA - Cloro para ETAP Orto - abastecemento auga | 161.221.99 | 314,60 |
| 36 | Delegación de Economía e Facenda da Coruña - depósito previo expropiación forzosa leira de Hrdos. de José Raviña | 160.600.00 | 10,90 |
| 37 | Delegación de Economía e Facenda da Coruña - depósito expropiación forzosa leira de Hrdos. de José Raviña | 160.600.00 | 43,58 |
| 38 | Taberna Záramo - invitación a cafes e refrescos con ocasión da visita da conselleira Ethel Vázquez ás obras da AC 960 o día 24 de outubro | 912.226.01 | 14,00 |
| 39 | Rexistro da Propiedade núm. 1 de Santiago - Certificación propiedade Centro de Saúde do Forte | 920.227.99 | 63,70 |
| 40 | Probisa - Aglomerado para reparación de fochancas en vias municipais | 153.2.212.00 | 180,47 |
| 41 | Hnos. Villar - Reposición de cristal na porta dereira do tractor Claas Arion 420 | 414.212.00 | 436,36 |
| 42 | Comercial vehículos industriais TAR, SL - Reparación e mantemento do camión do lixo | 162.1.213.00 | 374,58 |
| 43 | Ulla Oil, SL - Gasóleo A para depósitos municipais | 920.221.03 | 2.955,00 |
| 44 | Compostelana de Gas 2011, SL - Cargas de gas para pavillón e campo de fútbol do Forte | 342.221.02 | 150,75 |
| 45 | Ascensores Enor, SA - Mantemento ascensor concello mes de novembro | 920.213.00 | 77,08 |
| 46 | Biocontrol SLU - 2º pagamento do contrato control analítico da auga de rede municipal de abastecemento | 161.227.99 | 998,25 |
| 47 | Electro Lestedo, SL - Adquisición de teléfono inalámbrico para Escola | 231.221.12 | 25,90 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Infantil Municipal | | |
| 48 | David Fernández Neira - Servizo de actividades físicas e deportivas mes de outubro | 341.226.09 | 1.836,78 |
| 49 | Compostela Digital, SL - Cartuchos de tinta para Escola Infantil Municipal + conexións en aula de formación | 231.210.00<br>920.213.00 | 104,63 |
| 50 | Autoeléctrico Sergude, SC - Reparacións varias camión do lixo | 162.1.213.00 | 49,17 |
| 51 | Autoeléctrico Sergude, SC - Reparación varredora + revarvadora obras + vehículo 1599 GZL | 171.210.00<br>151.212.00<br>135.213.00 | 60,28 |
| 52 | CHC Energía - Consumo eléctrico Casa da Cultura de Camporrapado correspondente ó mes de setembro | 165.221.00 | 202,83 |
| 53 | Almacenes Redondo - Submintro de botas de seguridade e cepillos barrendeiros para servizo de abastecemento de augas | 161.221.99 | 89,48 |
| 54 | Almacenes Redondo - Materiais para servizo de saneamento en Ponte Ledesma e Loureda e para reparación beirarrúas en Boqueixón | 160.212.00<br>153.2.212.00 | 479,72 |
| 55 | Ascensores Enor, SA - Mantemento ascensor CPI Antonio Orza Couto mes de novembro | 320.213.00 | 77,08 |
| | | Importe | 57.183,71 |

**Núm. 2**

A continuación transcríbense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2016

| Núm. | Proveedor | Partida | Importe |
|---|---|---|---|
| 56 | Compostela Digital - Mantemento informático outubro | 920.216.00 | 594,00 |
| 57 | Correos y Telégrafos - Servizo de correos mes de setembro | 920.222.01 | 220,97 |
| 58 | Telefónica España, SAU - Consumo telefónica fusión : fax + adsl + móbiles do 18/08 ó 17/09/16 | 920.22200 | 523,88 |
| 59 | Vodafone - Servizo mensared do 15/09 ó 14/10/16 | 920.22200 | 14,54 |
| 60 | Estudio Técnico Gallego, SA - Asistencia técnica urbanística mes de setembro | 151.22700 | 1.917,85 |
| 61 | Estudio Técnico Gallego, SA - Asistencia técnica urbanística mes de outubro | 151.22700 | 1.917,85 |
| 62 | Montaxes Eléctricos Fernández - Mantemento alumeado público mes de xullo | 165.210.00 | 3.771,17 |
| 63 | Montaxes Eléctricos Fernández - Mantemento alumeado público mes de agosto | 165.210.00 | 3.771,17 |
| 64 | Montaxes Eléctricos Fernández - Mantemento alumeado público mes de outubro | 165.210.00 | 3.771,17 |
| | | Importe | 16.502,60 |

**Núm. 3**

A continuación reflíctense as facturas emitidas por CHC Energía Udesa pertencentes a diferentes puntos de alumeado público e que suman un total de 666,43 euros. Imputaranse á partida 165.221.00 do orzamento do ano 2016.

| Nº factura | Cups | Importe | Dirección do Suministro | Data emisión | Data facturación |
|---|---|---|---|---|---|
| 1CSN160900170388 | ES0111000009304046LB0F | 72,77 | Alum. Púb. Granxola-Codeso | 11/09/16 | 30/06/16 a 26/08/16 |
| 1CSN160900170392 | ES0111000009304058CT0F | 194,54 | Lugar Loureiro - Pousada | 11/09/16 | 30/06/16 a 26/08/16 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1CSN160900170402 | ES0111000009305006SM0F | 100,60 | Lugar Donas | 11/09/16 | 30/06/16 a 26/08/16 |
| 1CSN160900170427 | ES0111000009313013HP0F | 198,96 | Lugar Camporrapado | 11/09/16 | 01/07/16 a 29/08/16 |
| 1CSN160900170458 | ES0111000009313064CJ0F | 99,56 | Lugar Devesa | 11/09/16 | 01/07/16 a 29/08/16 |

**TOTAL** 666,43 €

**Núm. 4**

A continuación reflíctense as facturas emitidas por CHC Energía Udesa e Gres pertencentes a diferentes puntos de alumeado público e que suman un total de 4.675,75 euros. Imputaranse á partida 165.221.00 do orzamento do ano 2016.

| Nº factura | Cups | Importe | Dirección do Suministro | Data emisión | Data facturación |
|---|---|---|---|---|---|
| 1CSN160900172101 | ES0111000009301099YP0F | 84,95 | Alum. Púb, Rebordaos-Oural | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900172102 | ES0111000009301117FA0F | 100,38 | Alum. Púb, Rebordaos-Oural | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900172103 | ES0111000009301128FZ0F | 117,04 | Al.Púb.Rebordaos do Medio-Oural | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900223551 | ES0111000009301135FK0F | 14,16 | Alum. Púb Ponteledesma | 12/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900172104 | ES0111000009303006CY0F | 147,08 | Alum. Púb, Engas-Codeso | 11/09/16 | 30/06/16 a 26/08/16 |
| 1CSN160900172105 | ES0111000009303022CE0F | 71,74 | Alum. Púb. Casaldesuso-Codeso | 11/09/16 | 30/06/16 a 29/08/16 |
| 1CSN160900172106 | ES0111000009303067EK0F | 442,26 | Al. Púb, (Casa S. Juan) Codeso | 11/09/16 | 30/06/16 a 26/08/16 |
| 1CSN160900172107 | ES0111000009303068EE0F | 26,41 | Alum. Púb. Codeso | 11/09/16 | 30/06/16 a 26/08/16 |
| 1CSN160900223552 | ES0111000009303069TT0F | 11,01 | Esc. nenas Outeiro - Codeso | 12/09/16 | 30/06/16 a 29/08/16 |
| 1CSN160900223553 | ES0111000009303070TR0F | 11,01 | Alum. Púb. Outeiro - (Codeso) | 12/09/16 | 30/06/16 a 29/08/16 |
| 1CSN160900172108 | ES0111000009303073TG0F | 208,70 | Alum. Púb. Igrexa Codeso | 11/09/16 | 30/06/16 a 29/08/16 |
| 1CSN160900223554 | ES0111000009303079TX0F | 48,22 | Local Soc. Outeiro-Codeso | 12/09/16 | 30/06/16 a 29/08/16 |
| 1CSN160900172109 | ES0111000009303087TH0F | 62,75 | Alum. Púb. Gafo.Codeso | 11/09/16 | 30/06/16 a 26/08/16 |
| 1CSN160900172110 | ES0111000009304048LJ0F | 51,88 | Alum. Púb. C.Casal-Casalvieto | 11/09/16 | 30/06/16 a 26/08/16 |
| 1CSN160900172111 | ES0111000009304049LZ0F | 73,00 | Al. Púb. Centro Frío Casalvieto | 11/09/16 | 30/06/16 a 26/08/16 |
| 1CSN160900172112 | ES0111000009304050LS0F | 20,72 | Al. Púb. Vixión-Devesa - Codeso | 11/09/16 | 30/06/16 a 26/08/16 |
| 1CSN160900172113 | ES0111000009304051LQ0F | 60,65 | Al. Púb. Vixión-Devesa - Codeso | 11/09/16 | 30/06/16 a 26/08/16 |
| 1CSN160900172114 | ES0111000009304056LK0F | 44,61 | Alum. Púb. Granxola-Molino Boo | 11/09/16 | 01/07/16 a 01/09/16 |
| 1CSN160900172115 | ES0111000009304057LE0F | 44,61 | Al. Púb. Granxola-Casa Gerardo | 11/09/16 | 01/07/16 a 01/09/16 |
| 1CSN160900172116 | ES0111000009309008MM0F | 91,28 | Alum. Púb. Maravexás, S/N | 11/09/16 | 30/06/16 a 26/08/16 |
| 1CSN160900172117 | ES0111000009313061CX0F | 23,11 | Lugar (Casa Alfonso) Oural | 11/09/16 | 01/07/16 a 29/08/16 |
| 1CSN160900172118 | ES0111000009313063CN0F | 46,04 | Lg. Camporrapado-Centro deport. | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1CSN160900172119 | ES0111000009313067CQ0F | 168,32 | A. Púb, Banco G. Camporrapado | 11/09/16 | 01/07/16 a 29/08/16 |
| 1CSN160900172120 | ES0111000009313077KA0F | 164,56 | Alum, Púb. Peneliña-Oural | 11/09/16 | 01/07/16 a 29/08/16 |
| 1CSN160900172121 | ES0111000009313189AT0F | 18,71 | Silveira-Escola Bajo, Oural | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900172122 | ES0111000009313192AA0F | 187,09 | Lugar Vila la Paz - Oural | 11/09/16 | 01/07/16 a 29/08/16 |
| 1CSN160900172123 | ES0111000009313196AF0F | 249,87 | Alu. Púb. Campo da Festa-Oural | 11/09/16 | 01/07/16 a 29/08/16 |
| 1CSN160900172124 | ES0111000009313203AZ0F | 48,84 | Alum. Púb. León-Camporrapado | 11/09/16 | 01/07/16 a 29/08/16 |
| 1CSN160900172125 | ES0111000009313210AK0F | 196,84 | Alum.Púb. Silveira-Camporrapado | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900223555 | ES0111000009313212GT0F | 57,86 | Local Social Pousada S/N | 12/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900172126 | ES0111000009313218GY0F | 17,98 | Alum. Púb. Supazo - Pousada | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900172127 | ES0111000009313220GP0F | 70,99 | Alum. Púb. Castro I-oural | 11/09/16 | 01/07/16 a 29/08/16 |
| 1CSN160900172128 | ES0111000009313221GD0F | 85,86 | Alum. Púb. Castro II-oural | 11/09/16 | 01/07/16 a 29/08/16 |
| 1CSN160900172129 | ES0111000009313222GX0F | 61,49 | Alum. Púb. Castro II-oural | 11/09/16 | 01/07/16 a 29/08/16 |
| 1CSN160900172130 | ES0111000009313223GB0F | 123,15 | Alum. Púb. Parte Castro-Oural | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900172131 | ES0111000009313224GN0F | 124,57 | Al.Púb. Pumariño-Corral-Pousada | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900172132 | ES0111000009313235MT0F | 31,67 | Alum. Púb. Papete-Pousada | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900172133 | ES0111000009313236MR0F | 125,37 | Alum. Púb. Pousada | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900172134 | ES0111000009313267YD0F | 100,82 | Alum. Púb. Pousada-Oural | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900172135 | ES0111000009314019QW0F | 188,77 | Lugar Pousada S/N | 11/09/16 | 01/07/16 a 29/08/16 |
| 1CSN160900172136 | ES0111000009315028JE0F | 85,68 | Igrexa Parroquial Subcira | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900172137 | ES0111000009315038ZD0F | 176,56 | A.P. Subcira-CT S/N | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900172138 | ES0111000009315039ZX0F | 33,34 | A.P. Viñas (Boqueixón) | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900172139 | ES0111000009315041ZN0F | 58,54 | Local Social de Subcira | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900172140 | ES0111000009315043ZZ0F | 268,10 | A.P. Fonteblanca e Frenza | 11/09/16 | 01/07/16 a 30/08/16 |
| 1CSN160900172141 | ES0111000009313060CD0F | 198,91 | Centro Cultural Camporrapado | 11/09/16 | 01/08/16 a 01/09/16 |
| 1CSN160900000360 | ES0221000001005007YC0F | 30,25 | Local Social de Noente | 01/09/16 | 30/06/16 a 29/08/16 |

**TOTAL 4.675,75 €**

Núm. 5

**Aprobación de facturas con cargo a subvencións**

**Actividades Deportivas 2016**
**Importe subvención: 4.991,12 euros**
**Deputación da Coruña**

| Núm. | Proveedor | Importe |
|---|---|---|
| 1 | Electro Lestedo, SL – Manguitos para piscina e medallas para escolas deportivas | 257,11 |

| | | |
|---|---|---|
| 2 | Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL – Actividade de patinaxe . mes de xullo | 404,80 |
| 3 | Electro Lestedo, SL – Deshumificador para ximnasio municipal | 279,00 |
| 4 | Electro Lestedo, SL – Material deportivo vario para escolas deportivas municipais | 332,48 |

**Encontro Dragal 2016**
**Importe subvención: 2.170,00 euros**
**RAMSA**

| Núm. | Proveedor | Importe |
|---|---|---|
| 1 | Tartas Lestedo,SC – Servizo máquina filloeira e filloas catering encontro Dragal 27/05/16 | 600,00 |

**Plan Pas 2015**
**Proxecto: Melloras en instalacións educativas de Camporrapado e outras**
**Importe: 108.062,85 euros**
**Deputación da Coruña**
**Partida presupostaria: 933.61900**

| Núm. | Proveedor | Importe |
|---|---|---|
| 1 | Baygar, SL – Losetas, columpio, sinal de parque e cola para arranxo parque infantil escola unitaria de Camporrapado – Pas 2015 | 2.970,55 |
| 2 | Luis Raviña,SC – Portas para as escolas unitarias de Camporrapado e Sergude – Pas 2015 | 762,30 |
| 3 | José M. Braña Fernández – Canalón e baixadas para reforma escola unitaria de Lestedo | 1.327,39 |
| 4 | José M. Braña Fernández – Canalón e baixadas para reforma escola unitaria de Sergude | 442,80 |
| 5 | José M. Braña Fernández – Canalón e baixadas para reforma escola unitaria de Camporrapado | 834,20 |
| 6 | Almacenes Redondo – Materiais varios ( cola, cemento e plaquetas beirarrúas) para obras no colexio do Forte – Pas 2015 | 458,77 |
| 7 | Almacenes Redondo – Materiais varios para obra de reforma da escola unitaria de Sergude | 1.291,41 |
| 8 | Almacenes Redondo – Cola de contacto para obra da escola unitaria de Camporrapado | 610,32 |
| 9 | Almacenes Redondo - Materiais varios ( cola de contacto, flexo, ovillo fio tabiques, etc) para obra da escola unitaria de Lestedo | 998,04 |

| | | |
|---|---|---|
| 10 | Pazos y Vieiro, SL - Disco corte diamante para obra escolas unitarias – Pas 2015 | 335,60 |
| 11 | Montaxes Eléctricos Fernández, SL – Reformas instalación eléctrica escola unitaria de Camporrapado – Pas 2015 | 2.370,83 |
| 12 | Ferliño, SL – Materiais para a obra do campo de fútbol de Camporrapado | 506,51 |
| 13* | Almacenes Redondo- Corcho para pavimento escolas unitarias – Pas 2015 * | 8.969,88 |

- Contrato menor compra de corcho para as escolas unitarias – Pas 2015

Con data 2 de agosto de 2016, a alcaldía ditou unha resolución onde se lle daba orde ó Servizo de Contratación para que adquirira o subministro do pavimento de lousa de cortiza e o revestimento mural para as escolas unitarias de Camporrapado, Sergude e Lestedo, segundo o proxecto. O importe aproximado era de 8.700 euros.

Desde o servizo solicítanse presupostos ás empresas, Ferretería Torres, Materiais de Construción Gamallo e Almacenes Redondo. Debido ás datas (mes de agosto) todos os proveedores tiñan problemas para a entrega do material, pero urxía a súa entrega debido a que as obras deberían estar rematadas a principios do mes de setembro.

Segundo consta no Servizo de Contratación, Ferretería Torres non atopou ningún proveedor que lle servira o material solicitado. A empresa de materiais de construción Gamallo, ofertou un prezo de 19.98 euros/m² para o pavimento de cortiza e 9.55 euros/m² para o revestimento mural. Finalmente Almacenes Redondo, presentou o seu presuposto con dous prezos ofertando dúas calidades de material. Por unha parte ofertaba o prezo do pavimento de cortiza a 18.00 euros/m² e o do revestimento a 7.81 euros/ml. Pero ademais presentaba o mesmo material cunha calidade superior e que segundo o Servizo de obras, era de maior resistencia e durabilidade. Os prezos eran: 20.80 euros/m², o pavimento; e de 9.64 euros/ml o revestimento. Óptase por escoller este último aceptando o seguinte presuposto:

Corcho de solo de dobre barnizado por importe total de 7.413,12 euros e corcho aglomerado rollo de alta densidade por importe de 1.687,00 euros. Importes sen IVE.

Polo tanto, na Xunta de Goberno que se realizou o 22/09/2016 aprobouse unha factura de Almacenes Redondo por importe de 2.922,78 euros, na que se incluía o importe do corcho para o revestimento por importe de 2.041,27 euros, debido a que foi servido moito antes co corcho do pavimento.
Con data 17 de outubro, a empresa adxudicataria presenta a factura correspondente ó corcho do pavimento das escolas unitarias por importe de 8.968,88 euros, que será aboado con cargo á subvención do Pas 2015 e foi adxudicado no seu conxunto por contrato menor.

**Actividades Culturais 2016**
**Importe Subvención: 8.047,47 euros**
**Deputación da Coruña**

| Núm. | Proveedor | Importe |
|---|---|---|
| 1 | Vagalume Xestión Integral de Servicios, SL – Obradoiros creativos ( verán activo 2016) – Pintura, Papiroflexia, Maquillaxe e Fotografía | 1.804,00 |

**Conciliación e responsabilidades compartidas – Promoción da Igualdade**
**Importe subvención: 4.298,34 euros**
**Deputación da Coruña**

| Núm. | Proveedor | Importe |
|---|---|---|
| 1 | Area Informática – Material funxible para actividades de conciliación | 223,95 |

**Prevención e defensa contra incendios**
**Convenio brigada**
**Importe axuda máxima: 27.184,62**
**Entidade Concesionaria: Consellería do Medio Rural**

| Núm. | Proveedor | Importe |
|---|---|---|
| 1 | Fremap, SLU – Recoñecementos médicos e analíticas de 2 traballadores/as selecccionados para brigadas | 111,10 |
| 2 | Fremap, SLU – Probas de banco realizadas a 2 traballadores/as selecccionados para brigadas | 40,00 |

**Escola Obradoiro**
**Importe consignado: 29.353,06 euros – achega municipal**
**Entidade Concesionaria: Xunta de Galicia**

| Núm. | Proveedor | Importe |
|---|---|---|
| 1 | Viveiros Compostela – Plantas e abono para o módulo de xardinería da escola taller | 88,99 |
| 2 | Viveiros Compostela – Céspede para traballos do módulo de xardinería | 82,00 |
| 3 | Gasóleos S.Benito,SL – Gasolina e outros subministros para maquinaria escola taller | 31,69 |
| 4 | Viveiros Compostela – Plantas para traballos módulo xardinería escola taller | 90,80 |
| 5 | Madesa- Materiais para módulo carpintería escola taller | 1.397,55 |

**Mellora equipamento ximnasio municipal**
**Importe axuda: 3.958,50 euros**
**Entidade concesionaria: Deputación da Coruña**

Segundo resolución da alcaldía ditada o día 3 de agosto, iniciouse o proceso de contratación para a adquisición de diverso material deportivo para o ximnasio municipal. O importe consignado para a compra foi de 8.000,00 euros, dos que se financiarían coa axuda concedida pola Deputación un total de 3.958,50 euros.

Do listado de material necesario enviado polo persoal de Deportes ó Servizo de Contratación, tiveron que excluírse varios conceptos, posto que a compra de todo o lote superaba moito o tipo de licitación.

Despois de solicitar varios presupostos onde se reflicten os importes individuais de cada unidade, solicítase o subministro daquel material máis necesario tendo en conta o importe máis baixo e coa condición de non exceder a contía da licitación.

A empresa Sava Servicios Deportivos, SL, fai entrega do material e asínase a correspondente acta de recepción con data 29 de setembro. Posteriormente, con data 7 de novembro, recíbese a factura vía FACE e polo tanto acórdase a súa aprobación e posterior pagamento:

| Núm. | Proveedor | Importe |
|---|---|---|
| 1 | Sava Servicios Deportivos, SL – Material deportivo vario para ximnasio municipal | 7.978,10 |

Boqueixón, 8 de novembro de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

Dosinda Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – **Boqueixón**
Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
C.I.F.: **P-1501200-H**
C. electr: **correo@boqueixon.es**
**www.boqueixon.es**

**Servizo de Contratación**

**Resolución da alcaldía**

**Inicio contratación das obras de adecuación na Escola Infantil Municipal de Boqueixón – Contrato menor**

A Xunta de Goberno na sesión realizada o 18 de agosto de 2016 acordou:

1.- Aprobar o anteproxecto de "Obras de adecuación na escola infantil Raíña Lupa de Boqueixón" por importe de 19.999,57 €.

2.- Aprobar o anteproxecto de "Dotación de equipamento para escola infantil Raíña Lupa de Boqueixón" por importe de 11.980,80 €.

Posteriormente, por decreto de data 30 de setembro 2016, previo requirimento da Consellería de Política Social, modifícase o anteproxecto das obras de adecuación, reducíndose o presuposto a 16.473,11 € IVE incluído, ao excluír o pintado dos paramentos.

A data límite para executar os proxectos e presentar documentación xustificativa dos investimentos é o 5 de decembro de 2016, polo que é necesario iniciar á maior brevidade posible, a contratación dos citados anteproxectos, aínda que a esta data non se ten recibido no concello a documentación acreditativa da concesión das correspondentes subvencións. Sen embargo, si se confirmou a concesión por vía telefónica, dos 16.473,11 € para execución da obra, 11.980,00 € para o equipamento e 271,22 € para a conexión a Internet.

Tendo en conta que ambos anteproxectos , non exceden os importes do contrato menor (50.000 € para obras e 18.000 € para subministros e servizos).

Tendo en conta, así mesmo, que en cumprimento das bases de execución do presuposto, as obras de reparación cuxa contía estea comprendida entre 6.000 e 18.000 €; e os subministros e servizos cuxas contías sexan superiores a 3.000 e inferior a 18.000 €, requirirán a consulta a tres empresas.

Tendo en conta, por último, que as obras e equipamentos deben executarse antes do 5 de decembro e a próxima Xunta de Goberno será o 16 de novembro co cal de iniciarse a contratación na dita Xunta de Goberno, quedaría moi reducido o tempo para a execución dos anteproxectos, **Resolvo:**

1. Avocar o coñecemento deste asunto e iniciar a contratación das obras e da adquisición dos equipamentos.
2. Solicitar ofertas as seguintes empresas:
   a) Para a execución das obras de adecuación na escola infantil por importe máximo IVE incluído, de 16.473,11 € a:

   Excavaciones Ovidio, SL
   Lugar de Capeáns, s/n
   Cobas 15864
   Ames

   Excavaciones José Varela Iglesias, SL
   Socortes, 22
   15873 Val do Dubra

   Hnos. Couto Fandiño,SL
   Iglesia, s/n
   15881 Boqueixón

   b) Para a dotación de equipamento para a escola infantil ( 11.980,80 euros) e a dotación de internet (271,22 euros), comunicarlle ó Servizo de Contratación que realice as correspondentes adquisicións tendo en conta a distinta tipoloxía dos submnistros e prezos.

Boqueixon, 10 de novembro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – **Boqueixón**
Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
C.I.F.: **P-1501200-H**
C. electr: **correo@boqueixon.es**
WEB: **www.boqueixon.com**

# RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Con data do 1 de agosto de 2016, publicouse a Orde do 14 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se prodece á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016 (DOG. Núm. 144).

Esta entidade solicita axuda económica para contratar 5 traballadores desempregados ó amparo da citada Orde con data do 31 de agosto de 2016.

A conselleria de Economía, Emprego e Industria resolve o 19 de outubro de 2016 a concesión de subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) por importe de 30.000 euros para a contratación de 5 operarios de servizos múltiples, expediente TR351G 2016/35-1,

**Por todo isto, Resolvo:**

1° Iniciar os trámites para a contratación de cinco traballadores como oficiais de segunda.2° Aprobar as bases para a contratación de persoal que cubra **5 PRAZAS DE Operarios de servizos múltiples, en réxime de persoal laboral temporal, con cargo a axuda outorgada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro da Orde do 14 de xullo de 2016 (Aprol Rural 2016).**

**Bases para a selección de 5 operarios de servizos múltiples**

**Primeira.- Obxecto da convocatoria**

É obxecto da presente bases a contratación de persoal laboral pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro da Orde do 14 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se prodece á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016.

- Número de postos: 5
- Denominación: operarios de servizos múltiples.
- Servizo subvencionado: Mantemento e mellora de espazos de utilidade colectiva.
- Duración: 6 meses.

A selección do traballador será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego e polo sistema de concurso. A ocupación demandada na oferta pública que esta entidade solicita corresponde co código **do CNO de albanel 71211015.**

**Segunda.- Duración dos contratos e modalidade contractual.**

- A modalidad de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, segundo o establecido no artigo 13.1 da Orde do 14 de xullo de 2016 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O carácter do contrato é por tanto temporal, respecto á xornada do servizo mencionado anteriormente e as retribucións, detállase seguidamente:

Ocupación: Operario de servizos múltiples, Grupo de Cotización 8.
Servizo denominado: Mantemento e Mellora de Espazos de Utilidade Colectiva.
Xornada: Completa (100%)
Ámbito: No termo municipal do Concello de Boqueixón.
Funcións: Levarán a cabo actuacións de conservación e mantemento de instalacións municipais e espazos públicos dentro do termo municipal de Boqueixón. Acometerán tarefas de mantemento de áreas recreativas, beirarrúas, vías municipais e locais municipais.

**Terceira.-Normativa aplicable.**

As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases:

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Emprego Público.
- Lei 2/2015, de 30 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ó procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, con carácter supletorio tamén se aplicará a Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Cuarta.- <u>CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO E REQUISTOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS</u>**

**PARA PODER PARTICIPAR NO PROCESOS SELECTIVO SERÁ NECESARIO REUNIR OS SEGUINTES REQUISITOS:**

1 Ser español/a (copia do NIF) ou membro da Unión europea.
2 Ter cumplidos os 16 anos ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo, e non exceder a idade establecida como máxima para o ingreso.
3 Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato. Presentar a declaración xurada de aptitude física e psíquica no momento de acreditar os requisitos no proceso de selección. Xúntase anexo I.

4 Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de postos de traballo nas Administracións Públicas por sentencia xudicial firme ou resolución administrativa.
5 Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1994 de 26 de decembro, de incompatiblidades do persoal o servizo das administracións públicas.
6 Non se require titulación académica (disposición adicional 7ª do EBEP).
7 Estar inscrito como desempregado/a no Servizo público de Emprego. Os candidatos serán preseleccionados pola Oficina de Emprego de Santiago Norte previa oferta presentada pola alcaldía do Concello de Boqueixón. A ocupación demandada na oferta pública que esta entidade solicita corresponde co código do CNO de albanel 71211015.

**Os requisitos previstos estarán na data de remate da presentación de documentación e deberá manterse con posterioridade ata a contratación laboral.**

## REQUISTOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

Para o procedemento selectivo serán de aplicación os artigos 10, 12, 13 da Orde do 14 de xullo de 2016.

Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán ser desempregados inscritos/as no Oficina Pública de Emprego de Galicia, a través da que se formulará a correspondente oferta. A ocupación demandada na oferta pública que esta entidade solicita corresponde co código do CNO de albanel 71211015.

O concello solicitará os/as candidatos/as que se necesitan para cubrir estes postos de traballo mediante a presentación da correspondente oferta, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado. Sóamente serán admitidos e poderán presentarse a este proceso os candidatos que figuren no listado que remita o Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello, non sendo admitido/a ningún outro/a candidato/a que non figure no citado listado.

Os/as traballadores/as que fosen contratados /das por un período igual ou superior a seis meses con carga ás axudas concedidas no ano 2015 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo as axudas previstas nesta orde de convocatoria.

**Os /as interesados/as en participar neste proceso selectivo, presentarán a documentación xunto cunha instancia facendo constar os requisitos sinalados nestas bases e dirixirase ó alcalde do Concello. Presentarase a documentación no día que a oficina de emprego e o concello de Boqueixón establezan.Non se aceptará ningunha documentación que non fose presentada na data e hora que se establece na citación por calquera medio que se empregue (teléfono, carta, e-mail, etc) ó participante, é decir non se admitirá documentación fóra do prazo establecido.** Os

sucesivos anuncios en relación con este proceso publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na súa páxina web (www.boqueixon.com)

O candidatos/as, achegarán os documentos que a continuación se indican:

1. Copia compulsada do DNI.
2. Copia compulsada do libro de familia.
3. Informe período de inscrición en desemprego emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
4. De selo caso, acreditación de ser perceptor de prestación ou subsidio por desemprego emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
5. Copia compulsada de documentación que acredite determinadas circunstacias, tales como, discapacidade (certificaión correspondente), persoas demandante de primerio emprego (informe de vida laboral), persoas sen cualificación profesional, pertenza a colectivos desfavorecidos (informe da traballadora social), perceptores de renda de integración social de Galicia (informe da traballadora social), etc.

**Quinta.**-Comisión de valoración

- A comisión de valoración será nomeada por Alcaldía e estará composta por 5 membros titulares e suplentes: un Presidente, 3 vogais, e un Secretario. De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público, a comisión de valoración será nomeada por Resolución de Alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición a paridade entre muller e home, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o personal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

O nomeamento dos membros da comisión de valoración e fará por resolución de alcaldía. Dita resolución se publicará no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón.

Para a válida constitución da comisión de valoración, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requerirase a presenza do presidente e do secretario ou de quen lles sustitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente da comisión de valoración.

A comisión de valoración resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización da selección, así como para adoptar as medidas necesarias que garanticen a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 30/92, de 26 de novembro. O Tribunal continuará constituido ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros da comisión de valoración deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarlles se concurrese algunha daquelas circunstancias.

**Sexta.- Proceso de selección**

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estímase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso debendo a comisión de valoración, valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orde decrecente atendendo á puntuación obtida. Respecto ó méritos computables, será de acordo ó establecido no artigo 12 da Orde do 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio Rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, "Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras".

A tal efecto, a comisión de valoración reunirase na data e hora que se estableza na correspondente resolución de alcaldía e que se exporá no taboleiro de anuncios da Casa do Concello para valorar os méritos.

BAREMO DE MÉRITOS

Pola Comisión de Valoración examinarase toda a documentación entregada polos aspirantes ós efectos de determinar unha maior adecuación ó posto de traballo. Os méritos deberán posuirse e acreditarse á data en que os aspirantes sexan citados para presentarse o proceso selectivo. Os méritos que se valoran son os que a continuación se relacionan e deberán acreditarse á data da presentación que estableza a Oficina Pública de Emprego de acordo co Concello de Boqueixón. A puntuación máxima no baremo de méritos non excederá de 15 puntos.

CRITERIOS ESPECÍFICOS

1.- Segundo o establecido no artigo 10, apartado d) da Orde do 14 de xullo de 2016 (Aprol Rural) terán preferencia neste programa a pertenza ós seguintes colectivos:
a) Mulleres
b) Menores de 30 anos (non ter cumpridos os 30 anos na data de celebración do contrato)

Esta preferencia será valorada con un (1) punto por pertenza ó colectivo, ata un máximo de 2 puntos.

2.- Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral, segundo se describe no artigo 12 da Orde do 14 de xullo de 2016 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Esta preferencia será valorada con un (1) punto por colectivo ata un máximo de 3 puntos. Os colectivos a valorar son:

a) Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
b) Persoas demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional que non teñan cumpridos os 30 anos na data de celebración do contrato
c) Persoas paradas de longa duración (máis dun ano).
d) Persoas con discapacidade.
e) Persoas desempregadas que esgoten as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas desfavorecidas da renda de integración social de Galicia.

3.- Térase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo das persoas traballadoras desempregadas que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. A puntuación será de 0,50 puntos por persoa a cargo, ata un máximo de 2 puntos, previa acreditación documental: libro de familia, certificado de convivencia, certificado de pensións, certificados da oficina de emprego, etc).

O menor nivel de desemprego (máximo 1 punto): presentarase un certificado da oficina de emprego correspondente da acreditación de se o/a candidato/a é:
Perceptores de desemprego: 0,25 puntos
Perceptores de subsidios: 0,50 puntos
Non perceptores: 1 puntos

4.- TEMPO DE DESEMPREGO:
Por cada mes completo en situación de desemprego inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia, valorarase 0,10 puntos. Acreditarase este aspecto coa presentación do Informe de períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia. A puntuación máxima neste apartado será de un (1) punto.

**Sétima.- Resolución e formulación de contratos**

O/A secretario/a da comisión de valoración emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ó longo do proceso selectivo, sendo a calificación final do proceso selectivo a suma das puntuacións obtidas na valoración dos méritos.
Unha vez rematada a valoración da documentación dos aspirantes, a Comisión de valoración fará pública a relación de aspirantes ós postos de traballo, coa puntuación acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web www.boqueixon.es. En caso de empate, dirimirase en función do requisito de preferencias establecido nestas Bases (criterios específicos) e segundo a orde de prioridade destas Bases. De seguir manténdose acudiríase en última instancia a sorteo entre as partes implicadas.

Finalizado o proceso de selección elevarase ó órgano competente proposta dos candidatos para a formulación dos correspondentes contratos laborais.

A comisión de valoración non poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ó dos postos que se convocan.

Segundo o establecido no artigo 10, apartado d) da Orde do 14 de xullo de 2016 ***"Asignado o número final de contratacións, as entidades beneficarias realizarán as contratacións de tal forma que polo menos a métade das que realice cada concello sexan mulleres e persoas menores de 30 anos, salvo que a oficina do Servizo Público de emprego de Galicia xustifique que non existen persoas candidatas de tales colectivos en número suficiente para atender a oferta",*** o Presidente da Comisión de valoración, á vista do listado final de aspirantes seleccionado, formulará proposta de selección ante a Alcaldía seleccionando ós 5 candidatos que quedaran nas posicións máis altas do listado tendo en conta que como mínimo tres deles terá que formar parte do colectivo de mulleres ou de persoas menores de 30 anos descendendo na orde do listado final ata que se de tal circunstancia, quedando os demais en lista de reserva por si se produce algunha renuncia, baixa ou calquera outra continxencia, sendo requerido o traballador que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente.

Rematado o proceso selectivo o alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo de duración determinada por un período de 6 meses e a xornada completa.

Para o previsto nestas bases será de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, así como cantas normas de igual ou superior rango sexan aplicables. A convocatoria, bases e actos administrativos derivados da mesma serán recurribles nos termos previstos na Lei 30/1992 e na Lei 29/1998.

Sen prexuizo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdicción contencioso – administrativo, o réximen xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondendo ós xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos.

OITAVA.- Incidencias

A Comisión de valoración está facultada para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquelo non previsto expresamente nestas bases.

Asimismo a xurisdición competente para resolver as convocatorias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xustificación social.

Boqueixón, 9 de novembro de 2016

Ovidio Rodeiro Tato

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

## Anexo I
## DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA

**Nome e apelidos:**.............................................................................................
**DNI:**......................................... **Data nacemento:**.........................................
**Domicilio:**..........................................................................................................
**Localidade:**............................................ **Provincia:**..................................
**Código postal:** ........................... **Núm. Teléfono:**.........................................
**E-mail:**..............................................................................................................

Baixo a promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, DECLARO que non padezo enfermidade infecto-contaxiosa, e que conto cas condicións físicas e psíquicas necesarias para a realización das actividades físicas de máximo esforzó que require o posto de traballo.

Asemesmo, **DECLARO** ter sido informado polo Concello de Boqueixón que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo alguna enfermidade e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente,

Boqueixón, .........de ......................... de 2016

O/A interesado/a:...................................................

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**Servizo de Contratación**

**Resolución da alcaldía**

**Adxudicación das obras de adecuación na Escola Infantil Municipal de Boqueixón – Contrato menor**

Na resolución da alcaldía ditada o día 10 de novembro, iniciase a contratación das obras de adecuación na Escola Infantil Municipal de Boqueixón, solicitando ofertas ás seguintes empresas:

Excavaciones Ovidio, SL
Excavaciones José Varela Iglesias, SL
Hnos. Couto Fandiño, SL

O proxecto das obras ten un presuposto de 16.473,11 euros ( IVE incluído)

Urxe a contratación ó ter que estar rematados os traballos antes do día 5 de decembro, data na que hai que enviar a documentación xustificativa á Xunta de Galicia.

O día 11 de novembro, envíanse as correspondentes invitacións ás empresas citadas. O día 14 de novembro, as empresas presentan as seguintes ofertas:

| Empresa | Oferta económica ( IVE incluído) |
|---|---|
| Excavaciones Ovidio, SL | 16.473,11 euros |
| Excavaciones José Varela Iglesias, SL | 16.473,11 euros |
| Hnos. Couto Fandiño, SL | 16.456,00 euros |

Ante a urxencia na execución das obras, Resolvo:

1 Adxudicar o contrato das obras de adecuación na Escola Infantil Municipal de Boqueixón por importe de 16.456,00 euros á empresa Hnos. Couto Fandiño, SL por ser a máis vantaxosa

2 Debido ó importe das obras, estaríamos ante un contrato menor, co que o adxudicatario no momento en que teña executada a obra, que debe estar finalizada o vindeiro 1 de decembro, presentará a correspondente factura para o seu posterior pagamento.

3 Comunicar esta resolución a tódolos licitadores.

Boqueixón, 14 de novembro de 2016.

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Servizo de Contratación**
**Expediente:** Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Aprobación da certificación 1 e final e da acta da recepción da obra Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral. Xustificación da axuda concedida.**

Na Resolución da alcaldía ditada o día 26 de setembro de 2016, adxudicouse o contrato da obra denominada "Conexión dos colectores de saneamento o do polígono industrial de Sergude á rede xeral" por importe de 59.820,00 euros á empresa Oviga, SL. O contrato foi asinado con data 28 se setembro.

O proxecto inicial da obra tiña un importe de 93.298,64 euros, dos que 74.638,91 euros, eran financiados pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, que corresponde ó 80% do importe total . O importe restante terá que ser achegado polo concello.

Debido á baixa na súa adxudicación, a obra pasa a ter un custo de 59.820,00 euros, polo que mantendo a porcentaxe de financiamento, a Xunta de Galicia aboará 47.856,00 euros e o concello 11.964,00 euros, que xa están consignados na correspondente partida.

Con data 14 de novembro, a empresa Oviga, SL presenta a certificación núm. 1 e final da obra así como a factura correspondente polo importe de 59.820,00 euros. Tamén achega a correspondente acta de recepción.

Por outra parte mencionar que a empresa adxudicataria, ten que facer fronte ó custo do control de calidade externo, que neste caso, e segundo a proposta presentada pola empresa, é o 4% do presuposto de execución material do proxecto (64.795,22 euros), é dicir, por 2.591,80 euros. Os traballos de control foron adxudicados á empresa Eptisa,

SA, polo importe especificado e no momento que se reciban as facturas serán enviadas á empresa adxudicataria para que realicen o correspondente pagamento ó concello.

No DOG publicado o día 26 de agosto de 2016, establécese que o prazo para a xustificación e realización da obra finaliza o 15 e novembro.

Polo tanto, e á vista da xustificación da axuda e da documentación que se debe presentar, Resolvo:

1 Aprobar a certificación núm. 1 e final da obra denominada "Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral" por importe de 59.820,00 euros, así como a correspondente factura polo mesmo importe.

2. Dar orden a Tesourería de que realice o correspondente pagamento.

3. Aprobar a seguinte conta xustificativa:

a.Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a axuda que consistiu na realización da obra de conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral

b. Que o concepto dos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada se relacionan a continuación:

| Identificación Acreedor | Núm. factura | Data emisión | Importe | Recoñecemento obriga |
|---|---|---|---|---|
| Oviga,SL - CIF B 15608193 | EO 0136 | 11/11/2016 | 59.820,00 | 14/11/2016 |

c. Que debido á contía do proxecto, realizouse un expediente de contratación por procedemento negociado sin publicidade e por urxencia, ó que se presentaron 12 empresas.

d. Que o IVE subvencionado non é recuperable por parte deste concello

2. Enviar á Consellería a documentación solicitada coa finalidade de xustificar a axuda concedida

Boqueixón, 14 de novembro de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (Coruña) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

222

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H

DECRETO

Con data 31 de agosto de 2016 foron contratados don Bran Casal Pereira, con Juan Carlos Míguez Rico, don Antonio Losada Mosquera, don Julian Mareque Rey e don Manuel Carlos Agrelo Fernández para formar parte na brigada de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais 2016, segundo convenio de colaboración subscrito coa Consellería ded Medio Rual para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais.

Ditos contratos tiñan previsto a data de finalización para o día 30 de novembro de 2016, polo que, cumprida esta data,

RESOLVO

1.- Dar por finalizada a contratación de don Bran Casal Pereira, Juan Carlos Míguez Rico, don Antonio Losada Mosquera, don Julian Mareque Rey e don Manuel Carlos Agrelo Fernández con data 30 de novembro de 2016.

2.- Comunicar esta Resolución ós propios traballadores.

Boqueixón, 15 de novembro de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

## RESOLUCIÓN

-O día 24 de agosto do 2016, co número de entrada 16/1801, recíbese no Concello de Boqueixón escrito da Delegación de Economía e Facenda na Coruña, Secretaria Xeral, Servizo de Patrimonio do Estado, no cal manifestan que carecendo de medios para acometer a limpeza da finca patrimonial situada en Pumares – Sergude, parcela 77 do SAUI-2, solicitan que sexa o concello quen proceda coa execución subsidiaria dos traballos de limpeza na mesma e que unha vez finalizados os mesmos lles remita unha certificación de conformidade cos traballos realizados así como a carta de pago polo importe correspondente.

-Que o día 10 de novembro do 2016, un operario do Concello de Boqueixón procedeu coa roza e limpeza por medios mecánicos da maleza existente na parcela número 77 do SAUI-2, propiedade do Ministerio de Economía e Facenda.

-Posteriormente procedeuse coa xestión dos residuos.

-A superficie obxecto de roza e limpeza é de 305 $m^2$.

-Realizadas as actuacións de limpeza, roza e de xestión de residuos, de acordo co sinalado na memoria de valorada, ascenden os custos a un total de **490 €**.

Por todo o cal RESOLVO:

1. Dar conformidade aos traballos realizados por terse perfectamente executadas as labores de roza, limpeza de maleza e xestión dos residuos existentes na parcela número 77 do SAUI-2, propiedade do Ministerio de Economía de Facenda.

2. Dar traslado desta resolución ao Ministerio de Economía e Facenda, Secretaría Xeral, Servizo de Patrimonio do Estado.

Boqueixón, 17de novembro de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

**Resolución de alcaldía**

Con data do 15 de novembro a Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte remitíu por correo electrónico listado de candidatos/as preseleccionados/as para a selección de 5 operarios de servizos múltiples do programa concedido pola Conselleria de Economía, Emprego e Industria con data do 19 de outubro de 2016, a través da Orde do 14 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se prodece á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016 (DOG. Núm. 144).

Ca data do 9 de novembro de 2016 aprobouse por resolución de alcaldía as bases do proceso de selección para a contratación dos 5 operarios.

O número de oferta é 12/2016/12317, e os/as candidatos/as remitidos pola Oficina Pública de Emprego de Galicia , son os que seguen:

ABRALDES FERNÁNDEZ JOSÉ LUIS
AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO
BELLO GONZALEZ JOSÉ LUIS
CANNIZO RAYMOND PHILIPP
DE LA FUENTE RUIZ DANIEL
DI YELSI IGLESIAS ELIZABETH
FERNÁNDEZ MAREQUE DANIEL
FERNÁNDEZ VÁZQUEZ JOSÉ MARÍA
GARCÍA CASTRO RAMÓN
GONZÁLEZ ANDAMOLLO FERNANDO
SANTOS BLANCO JOSÉ MANUEL
TORRES IGLESIAS JESÚS
TORRES IGLESIAS JOSÉ
UZAL MILLÁN RUBÉN

A Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte remite unha carta os/as candidatos/as preseleccionados/as para que con data do venres 18 de novembro de 2016, en horario de 9:00h a 11:00h, se presenten no concello coa documentación necesaria para participar no proceso selectivo, así mesmo facilita o listado cos números de teléfono dos candidatos/as para que o concello contacte cos/as candidatos/as para informarlle do proceso de selección, lugar e datas de presentación das/as candidatos/as.

Por todo isto, Resolvo:

1 Aprobar a lista de admitidos no proceso selectivo remitida pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte:
ABRALDES FERNÁNDEZ JOSÉ LUIS
AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

BELLO GONZALEZ JOSÉ LUIS
CANNIZO RAYMOND PHILIPP
DE LA FUENTE RUIZ DANIEL
DI YELSI IGLESIAS ELIZABETH
FERNÁNDEZ MAREQUE DANIEL
FERNÁNDEZ VÁZQUEZ JOSÉ MARÍA
GARCÍA CASTRO RAMÓN
GONZÁLEZ ANDAMOLLO FERNANDO
SANTOS BLANCO JOSÉ MANUEL
TORRES IGLESIAS JESÚS
TORRES IGLESIAS JOSÉ
UZAL MILLÁN RUBÉN

2 Proceder a chamar ós/ás candidatos/as nos números de teléfono facilitados pola Oficina Pública de Emprego de Galicia, para informarlles que lles chegará unha carta da Oficina de Emprego e que se presenten o venres 18 de novembro de 2016 entre as 9:00 h. e as 11:00h. da mañá, na Casa do Concello de Boqueixón, e aportar a documentación necesaria para participar no proceso de selección.
Neste último caso, realizarase ata un máximo de 3 chamadas.

3 Nomear a Comisión de Valoración:
PRESIDENTE: JUAN MANUEL CORRAL SÁNCHEZ; SUPLENTE: LOURDES GARCIA ABEIJÓN.
SECRETARIA: ELENA SUÁREZ RODRÍGUEZ; SUPLENTE: ADELA LAMELA ARTEAGA.
VOGAL 1: ANSELMO CAEIRO VILLAR; SUPLENTE: PILAR PAZOS SANTASMARINAS.
VOGAL 2: ROSARIO IGLESIAS IGLESIAS. SUPLENTE: ISABEL SERTO GARCÍA.
VOGAL 3: MARÍA VICTORIA NEGRÍN BLANCO; SUPLENTE: JOSÉ MARÍA SOUTO TEMES.

4 A data na que a comisión de Valoración se reunirá para baremar os méritos:
Data: 21 de novembro de 2016
Horario: 10:00 horas da mañán
Lugar: Casa do Concello de Boqueixón

5 Proceder a correxir un erro na puntuación máxima a acadar no proceso selectivo que consta nas bases aprobadas por resolución de alcaldía:
Modificar na base sexta.- proceso de selección, apartado baremo de méritos. Onde pón "A puntuación máxima no baremo de méritos non excederá de 15 puntos" deberá poñer "A puntuación máxima no baremo de méritos non excederá de 9 puntos", dado que a suma total en cada un dos criterios específicos que puntuán suma un total de 9 puntos e non 15 puntos de máximo.

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

6 Poñer en coñecemento esta resolución e as bases ós membros da comisión seleccionadora.

Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarlles se concurrese algunha daquelas circunstancias.

7 Publicar esta resolución na WEB e no taboleiro de anuncios da casa do concello de Boqueixón.

En Boqueixón, 17 de novembro de 2016

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña)
ALCALDÍA

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

# DECRETO

- Vistas as facturas polo subministro de materiais para a execución de obras por importe de 4.613,75 € IVE excluído.

- Visto o informe de fiscalización con reparo emitido por secretaría – intervención o 16 de novembro de 2016 e que a continuación se transcribe:

"

***Normativa aplicable:***

*– Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), arts. 213 a 223.*

*– Real Decreto Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o texto refundido da LCSP, arts. 23.3; 111 e 138.3.*

*– Bases de execución do presuposto municipal.*

*– Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.*

***Antecedentes:***

*- Remítese para a súa aprobación na xunta de goberno do 17/11/2016, relación de facturas comezando pola factura da sociedade xeral de autores pola actuación do pallaso Piter- actuación cultura por importe de 69,42 € e rematando pola factura de Galitrans-96, SL transporte alimentos cruz vermella por importe de 242,00 €.*

*Na dita relación reflictense dúas facturas de Marbe Hispania SL, as dúas de data 31/10/2016 , cuxo importe total sen IVE ascende a 4.613,75 € (5.582,64 € IVE inclúido).*

***Fundamentos xurídicos***

*- As bases de execución do presuposto aprobado polo pleno da corporación municipal,concretamente a Base 21.C), establece que a adxudicación de*

*material non inventariable que polo seu carácter esporádico ou extraordinario non permita a tramitación dun contrato conxunto de subministro, cando a contía sexa superior a 3.000 € e inferior a 18.000 € ( IVE exclúido), o expediente conterá unha proposte de adquisición razoada, detallada e valorada debendo acreditarse a <u>consulta a tres empresas</u>.*

*O artigo 215 da lei reguladora das facendas locais, establece que " si no exercizo da función interventora o órgano interventor se manifestara en descordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus **reparos** por escrito antes da adopción do acordo ou resolución*

*O artigo 216 .2 da lei reguladora das facendas locais establece. " si o reparo afecta á disposición de gastos, recoñecemento de obrigas u ordenación de pagos, **se suspenderá** a tramitación do expediente ata que sexa solventado, nos seguintes casos:*
*Cando se base en insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa adecuado.*
*Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago*
*Nos casos de **omisión de requisitos ou trámites esenciais.***
*Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministros , adquisicións e servizos".*
*O artigo 217 establece que "cando o órgano ao que afecte o reparo non estea de acordo con el , corresponderá ao alcalde resolvela discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non é delegable en ningún caso.*
*Non obstante o disposto no apartado anterior. **corresponde ao pleno** a resolución das discrepancias cando os reparos :*

- *Se basen na insuficiencia ou inadecuación do crédito*
- *Se refiran a obrigas ou custos cuxa aprobación sexa da súa competencia".*

*O artigo 218 establece que "o órgano interventor elevará informe ao Pleno das resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias ao reparos efectuados, así como un resumen das principais anomalías detectadas en materia de ingresos".*

***Conclusión:***

*O subministro adquirido excede o importe establecido pola citada Base polo que se deberia consultar a tres empresa, o cal non consta no expediente e en consecuencia non se cumpre un requisito exixible polo que se omitiu un requisito ou trámite esencial.*

*Por todo isto, infórmase desfavorablemente a aprobación das facturas anteriormente citadas. Este informe de reparo ten efectos suspensivos e corresponde ao Sr. Alcalde a resolución da discrepancia no caso de que non estea de acordo co reparo, e ordenar a continuación do expediente."*

**RESOLVO:**

Primeiro.- Resolvela discrepancia e levantar o reparo manifestado por secretaría – intervención no seu informe de data 16 de novembro 2016.

Tendo en conta que as dúas facturas corresponden a obras totalmente distintas executadas en distintos días e en lugares distintos como pode comprobarse nos albaráns, considero que este informe de secretaría intervención debe ser obxecto de revisión.

Segundo.- Recoñecer as obrigas e ordenar o pago das facturas.

Terceiro.- Dar traslado desta resolución á tesourería e intervención para que se proceda coa aprobación e aboamento das mesmas.

Boqueixón, 17 de novembro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato , alcalde deste concello, tendo que presentar a renuncia ó meu cargo para a toma de posesión como delegado territorial

Resolvo:

1.- Delegar, do 19 de novembro ata a toma de posesión do novo alcalde, en don Manuel Fernández Munín as competencias delegables e propias desta Alcaldía.

2.- Dar conta desta resolución ó Sr. Fernández Munín e ó Pleno, na primeira sesión que se realice, para o seu coñecemento e efectos.

Boqueixón, 18 de novembro de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

227

Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

## Resolución da alcaldía

### Aprobación de xeracións de crédito

Visto o informe emitido pola secretaria -interventora con relación á ampliación de crédito, polo importe que se indica, resolvo aprobar as seguintes xeracións de crédito:

| Partida | | Importe | Xustificación |
|---|---|---|---|
| 153.2 | 143.00 | 12.167,12euros | Servizo de mantemento de espazos múltiples – Subvención Xunta 2 operarios |
| | 160.00 | 4.221,98 euros | |
| 334 | 223.00 | 349,95 euros | Ingreso prezos públicos excursión Cangas |
| 153.2 | 212.00 | 1.774,60 euros | Ingreso compañía Allianz por siniestro vehículo contra mobiliario urbán |
| 153.2 | 212.00 | 1.506,22 euros | Ingreso compañía Caser grupo asegurador por siniestro vehículo contra mobiliario urbán |
| 231 | 227.99 | 3.000,00 euros | Programa Prevención da Dependencia – Deputación da Coruña |
| 341 | 221.08 | 3.958,50 euros | Mellora equipamento ximnasio municipal – Subvención Deputación |
| 920 | 227.04 | 1.981,74 euros | Axudas destinadas á colaboración en materia de arquivos Xunta de Galicia |

Boqueixón, 18 de novembro de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Servizo de Contratación**

**Subministro de formigón para a obra Campo de fútbol do Forte**

Desde o Servizo de Obras comunícase a necesidade de que se subministre unha cantidade aproximada de 50 m³ de formigón para a obra que se está executando por administración incluída no Plan PAS 2015 denominada Melloras no campo de fútbol do Forte e outro por importe de 36.058,6 euros.

Solicítanse presupostos a distintas empresas obtendo os seguintes datos:

| **Empresa** | **Presuposto (€/m³)** |
|---|---|
| Hormigones Carral SL | 68,00 |
| General de Hormigones, SA | 52,00 |
| Areneras de Insua,SL | 69,20 |
| Marbe Hispania, SL | 66,90 |

Á vista dos prezos, solicítase a General de Hormigones, SA un importe aproximado de 50 m³ de formigón por importe de 52,00 euros/m³ ( IVE excluído). O importe aproximado do subministro será de 3.146,00 euros. Comunícase dita aceptación ó Servizo de Obras.

Polo tanto, Resolvo:

Aceptar o presuposto presentado por General de Hormigones,SA para o subministro de 50 m³ de formigón ó prezo de 52,00 euros/m³ para a obra do campo de fútbol do Forte.

Dar conta desta resolución ó Servizo de Intervención.

Boqueixón, 21 de novembro de 2016

O alcalde en funcións

Manuel Fernández Munín

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.**

No DOG, núm. 84 do martes 3 de maio de 2016 publicouse a Orde do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ó cambio climático na xestión e planificación públicas, e se fai pública a súa convocatoria para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. (Consellería de medio Ambiente e Ordenación do Territorio).

O *obxecto e a finalidade* desta Orde é regular a concesión, polo procedemento de concorrencia, e facer pública para o ano 2016 a convocatoria de subvencións para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ó cambio climático na xestión e planificación pública destinada a concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

*Proxectos subvencionables.* Traballos de asistencia técnica para a elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental en materia de adaptación ó cambio climático, entendendo por tales, aquelas que contribúan a mellorar o comportamento das entidades locais fronte ó cambio climático, con base no estado ambiental actual (enerxía, residuos, sectores produtivos, ecosistemas singulares, cidadanía), e que axuden á definición das mellores opcións de adaptación ó cambio climático. As entidades solicitantes poderán subcontratar a totalidade ou parte da realización da actividade subvencionada nos termos do artigo 27 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

*Conceptos subvencionables.* A porcentaxe máxima de cofinanciamento por parte da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio será do 70 % do custo total da actuación proposta, cun importe máximo de 4.500 € por entidade solicitante.

Con data do 2 de xuño de 2016 esta entidade presentou no rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude de subvención para a elaboración da Estratexia de sustentabilidade ambiental do concello de Boqueixón, cuxo importe total do proxecto ascende a 6.428,57 euros con IVE, sendo o importe solicitado á citada Consellería de 4.500 € e o concello de Boqueixón aporta 1.928,57 €.

O 14 de setembro de 2016 entra no rexistro de Boqueixón, con número de entrada 16/1982, a notificación da resolución da Consellería de medio Ambiente e Ordenación do Territorio polo que se concede unha axuda para a asistencia técnica na elaboración de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ó cambio climático na xestión e planificación públicas:
Gastos subvencionables considerados para o cálculo da axuda e que hai que xustificar: 6.428,57 euros
Importe máxima da axuda concedido: 4.500 euros
Porcentaxe que se subvenciona: 70%
O período subvencionable: 1 de xaneiro ó 30 de novembro de 2016

Sendo a data límite para que o beneficiario faga entrega da solicitude de pagamento o 30 de novembro de 2016. E téndose presentado factura da empresa ZIFRA INGENIERIA, SL, con data de rexistro na plataforma FACE de facturación o 21 de novembro de 2016, con número 2016018678088, por importe de 6.374, 99 euros.

Dado que o importe da factura a aboar (6.374,99 euros) é inferior o importe solicitado na solicitude (6.428,57 euros), e dado que, tal e como establece o artigo 9. Punto 2) as porcentaxes de cofinanciación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o 70%, este importe é inferior o importe aprobado por resolución de dita Consellería,

RESOLVO:

1. Reaxustar as porcentaxes que corresponden á axuda concedida pola Xunta de Galicia e ó concello de Boqueixón, dado que o importe da factura presentada é inferior ó importe da subvención aprobada por Resolución da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, quedando así:
Importe total da factura.......................................6.374,99 euros.
Porcentaxe que se subvenciona (70% )................4.462,49 euros.
Concello de Boqueixón (30%)...........................1.912,50 euros.

2. Aprobar, imputar e abonar a factura da empresa ZIFRA INGENIERIA, SL, con CIF. B70396213, núm. factura na plataforma FACE 2016018678088, por importe de 6.374,99 euros. A forma de pago é por transferencia bancaria na conta: ES 9001824655710201549979. Concepto: Elaboración estratexia ambiental sostenible en materia de adaptación ó cambio climático

3. Comunicar a Intervención do concello de Boqueixón para realizar o pagamento antes do prazo establecido e dentro de período subvencionable.

En Boqueixón, o 23 de novembro de 2016

Manuel Fernández Munín
O alcalde en funcións

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

DECRETO

Con data 4/08/2016 foron contratados don Emilio José Vázquez Costa, don Juan Manuel Silva Hermida, don Antonio Fernández Varela e don Fidel Balo Mosquera como operarios de servizos do Programa de integración laboral de Boqueixón en base á subvención da Deputación da Coruña, tendo prevista a data de finalización de ditos contratos para o día 3/12/2016. Con data 18/07/2016 foron contratados don José Roberto Junquera García, don Cesareo Cereijo Caneda, don José Ferreiro Ferreiro e don Higinio Aldrey Uzal para a prestación de servizos como albáneles para a realización de traballos diversos de mantemento e reparación de instalacións en vías municipais, tendo prevista a data de finalización de ditos contratos para o día 17/12/2016, polo que, cumpridas esta datas,

RESOLVO

1.- Dar por finalizada a contratación de don Emilio José Vázquez Costa, don Juan Manuel Silva Hermida, don Antonio Fernández Varela e don Fidel Balo Mosquera con data 3/12/2016 e de don José Roberto Junquera García, don Cesareo Cereijo Caneda, don José Ferreiro Ferreiro e don Higinio Aldrey Uza con data 17/12/2016

2.- Comunicar esta Resolución ós propios traballadores.

Boqueixón, 25 de novembro de 2016

O alcalde en funcións

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
ALCALDÍA

Manuel Fernández Munín

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

Resolución de alcaldía

Una vez rematado o proceso selectivo para a provisión en réximen laboral temporal da contratación de 5 operarios de servizos múltiples para o programa Aprol Rural, regulado a través da Orde do 14 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se prodece á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016, e non tendo recibida ningunha reclamación no prazo establecido de 5 días,

RESOLVO:

1 Nomear como titulares para a contratación a:

DI YELSI IGLESIAS ELIZABETH
CANIZZO ORTEGA RAYMOND PHILIPPE
UZAL MILLÁN RUBÉN
TORRES IGLESIAS JOSÉ
SANTOS BLANCO JOSÉ MANUEL

2 Nomear como suplentes para a contratación a:

TORRES IGLESIAS JESÚS
BELLO GONZÁLEZ JOSÉ LUIS
AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO
ABRALDES FÉRNANDEZ JOSÉ LUIS
FERNÁNDEZ VÁZQUEZ JOSÉ MARÍA
GONZÁLEZ ANDAMOLLO FERNANDO
FERNÁNDEZ MAREQUE DANIEL
DE LA FUENTE RUIZ DANIEL

3 A contratación terá efecto dende o 1 de decembro de 2016, por un período de 6 meses.
A xornada é a tempo completo e mediante un contrato temporal de interese social.
Ocupación: Operario de Servizos Múltiples. Grupo de cotización 8.

Os contratos de traballo suscritos coas persoas traballadoras seleccionadas deberán comunicarse á oficina de emprego correspondente, necesariamente a través do aplicativo CONTRAT@.

Atendendo ó artigo 17. Seguimento. 2) "Sen prexuízo da obriga de xustificación das subvencións percibidas nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na presente norma, as entidades beneficiarias das axudas deberán:

a) Manter un sistema de contabilidade separada ou unha codificación adecuada de todas as transaccións realizadas con cargo ós proxectos subvencionados, referidos a operación da afectación da subvención á finalidade da súa concesión.

b) Manter unha pista de auditoría suficiente e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

4 Comunicar esta resolución ó departamento de contratos e contabilidade.

Boqueixón, a 28 de novembro de 2016

Manuel Fernández Munín.

O alcalde en funcións de Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

# RESOLUCIÓN

Visto o Decreto de data 28 de novembro, no que se resolvía a contratación de 5 operarios de servizos múltiples para o programa Aprol Rural, en base á subvención da Xunta de Galicia – Consellería de Economía, Emprego e Industria para o Fomento do Emprego no Medio Rural (Aprol Rural).

## RESOLVO

1.- Que se proceda á contratación dos traballadores/as dona Elizabeth Di Yelsi Iglesias, don Raymond Philippe Cannizzo Ortega, don Rubén Uzal Millán, don José Torres Iglesias e don José Manuel Santos Blanco, de acordo coas seguintes condicións:

- Alta : 1/12/2016
- Categoría profesional : Oficial 2ª operario servizos múltiples
- Coste salarial bruto: 1.187,27 euros/mes
- Seguridade Social Concello : 448,79 euros/mes
- Grupo de cotización : 8 / D
- Modalidade de contrato : 401 Obra/Servizo determinado a tempo completo.
- Duración do contrato : Dende o 1/12/2016 ata o 31/05/2017.
- Aportación Municipal : 19.081,80 €

2.-Dar conta desta resolución ós interesados para o seu coñecemento e efectos.

Boqueixón, 30 de novembro de 2016

O alcalde en funcións

Manuel Fernández Munín

CONCELLO DE BOQUEIXÓN

(A CORUÑA)

Forte s/n – **Boqueixón**

Teléfono: **981- 51 30 61**

Fax: **981- 51 30 00**

C.I.F.: **P-1501200-H**

C. electr: **correo@boqueixon.dicoruna.es**

## DECRETO

Dada a necesidade de continuidade do Centro de Información á Muller en base ós servizos que se están prestando, e pola demanda da poboación de Boqueixón, obxecto de atención, ante a finalización dos contratos das dúas traballadoras,

RESOLVO:

1.- Prorrogar os contratos que rematan o día 30 de novembro do 2016 das traballadoras do Cim de Boqueixón, ata o día 30 de novembro do 2017. Os contratos corresponden ás seguintes traballadoras:

Dona Cristina Carbajales Nouriño, (directora-avogada do CIM)

Dona Iolanda Neira Cristobo (psicóloga do CIM)

Boqueixón a 30 de novembro do 2016

O alcalde en funcións

Manuel Fernández Muñín